



PROTOCOLO DE LIMPEZA E DESINFECCIÓN PARA OS CENTROS ESCOLARES PÚBLICOS NOS QUE O CONCELLO DE POIO REALIZA A LIMPEZA ORDINARIA PARA O CURSO ESCOLAR 2020-2021, NO CONTEXTO DA COVID 19.

ANTECEDENTES

Con data de 22 de xullo de 2020 e nun contexto epidemiolóxico e de saúde pública dominado pola infección do virus SARS-CoV 2, prodúcese a **“RESOLUCIÓN CONXUNTA DAS CONSELLERÍAS DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL E DE SANIDADE POLA QUE SE APROBA O PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID-19 PARA O INICIO DO DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE LECTIVA NO CURSO ACADÉMICO 2020/2021 NOS CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA”**

Nesta resolución apróbase o **“Protocolo de adaptación ao contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021”** que impón unha serie de medidas xerais de limpeza para os centros educativos, co seguinte texto literal:

4. Medidas xerais de limpeza nos centros

4.1. Cada centro disporá dun protocolo de limpeza e desinfección que responda ás súas características. O protocolo de limpeza formará parte do documento denominado “Plan de adaptación a situación COVID-19 no curso 2020/2021” e determinará as frecuencias e horas nas que se realizarán todas as tarefas. O protocolo de limpeza é obrigatorio para todo o persoal de limpeza con independencia da súa dependencia orgánica polo que será de aplicación non só ás empresas externas senón tamén ao persoal dos concellos que teñen a obriga de realizar o mantemento e conservación de conformidade coa normativa vixente. . Nos supostos no que existan varias persoas dedicadas a tarefas de limpeza, unha delas realizará total ou parcialmente a súa xornada na quenda de mañá, podendo realizarse rotacións no uso das quendas. Cando as tarefas de limpeza se realicen por unha única persoa realizará parte da súa xornada (polo menos 1/3) en xornada de mañá.

Este protocolo recollerá as seguintes indicacións:

4.1.1. Limpeza polo menos unha vez ao día, reforzándoa naqueles espazos que o precisen en función da intensidade de uso, como no caso dos aseos onde será de polo menos dúas veces ao día.

4.1.2. Terase especial atención nas zonas de uso común e nas superficies de contacto máis frecuentes como pomos das portas, mesas, mobles, pasamáns, chans, teléfonos, perchas, e outros elementos de similares características así como de billas elementos das cisternas e outros dos aseos.

4.1.3. Durante a xornada lectiva unha persoa do servizo de limpeza realizará unha limpeza de superficies de uso frecuente e no caso dos aseos de polo menos dúas veces na xornada. En todo caso nos aseos existirá xaboeiras ou material de desinfección para ser utilizado polos usuarios voluntariamente.

4.1.4. As medidas de limpeza estenderanse tamén, no seu caso, a zonas privadas dos traballadores, tales como áreas de descanso, vestiarios, taquillas, aseos, cociñas (onde se limpará todo o enxoval no lavalouzas, incluído o que non se teña usado pero teña podido estar en contacto coas mans dos estudantes).

4.1.5. Do mesmo xeito, realizarase unha limpeza e desinfección dos postos de traballo compartidos, en cada cambio de quenda, e ao finalizar a xornada, deixando que actúe o produto de limpeza, con especial atención ao mobiliario e outros elementos susceptibles de manipulación, sobre todo naqueles utilizados por máis dun usuario quen realizará ao finalizar o uso individual a limpeza dos elementos utilizados. Cada usuario ao terminar de utilizar un ordenador de uso compartido, limpará a superficie do teclado, do rato e da pantalla con xel desinfectante.





4.1.6. Utilizaranse desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) recién preparada ou calquera dos desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade. No uso destes produtos sempre se respectarán as indicacións da etiquetaxe.

4.1.7. Logo de cada limpeza, os materiais empregados e os equipos de protección usados desbotaranse de xeito seguro, procedéndose posteriormente ao lavado de mans.

4.1.8. Deberá vixiarse a limpeza de papeleiras, (todas con bolsa interior e protexidas con tapa), de xeito que queden limpas e cos materiais recollidos, co fin de evitar calquera contacto accidental.

4.2. Deben de realizarse tarefas de ventilación frecuente nas instalacións, e por espazo de polo menos 15 minutos ao inicio da xornada, durante os recreos e ao finalizar as clases, sempre que sexa posible e coas medidas de prevención de accidentes necesarias:

4.2.1. Cando as condicións meteorolóxicas e do edificio o permitan, manteranse as xanelas abertas o maior tempo posible.

4.2.2. Débese aumentar a subministración de aire fresco e non se debe usar a función de recirculación do aire interior.

4.3. Cando un profesional presta asistencia no mesmo espazo con diferentes alumnos/as de xeito consecutivo (orientador/a, profesor/a especialista, ou calquera outro) desinfectaranse as superficies usadas e ventilarase a aula ou sala polos menos 5 minutos logo de cada sesión.

4.4. En relación coa xestión dos residuos:

4.4.1. Recoméndase que os panos desbotables que o persoal e o alumnado empregue para o secado de mans ou para o cumprimento da "etiqueta respiratoria" sexan refugados en papeleiras ou contedores con bolsa e protexidos con tapa e, se é posible, accionados por pedal.

4.4.2. Todo material de hixiene persoal (máscaras, luvas de látex, etc.) debe depositarse na fracción resto (agrupación de residuos de orixe doméstica que se obtén unha vez efectuadas as recollidas separadas).

4.4.3. No caso de que un alumno/a ou unha persoa traballadora presente síntomas mentres se atope no centro educativo, será preciso illar o contedor onde se depositen os panos ou outros produtos usados por eles. Esa bolsa de lixo deberá ser extraída e colocada nunha segunda bolsa de lixo, con peche, para o seu depósito na fracción resto. Realizarase a debida limpeza e ventilación do espazo no que se levou a cabo o illamento preventivo, logo de que o alumno/a ou a persoa traballadora que presentou síntomas durante a xornada lectiva teña abandonado o centro educativo.

PROPÓSITO DO TEXTO

Este protocolo interno do Servizo de Limpeza de Interior e de Mantemento do Concello de Poio, recolle as obrigas que en materia de limpeza veñen dadas pola resolución da Xunta de Galicia do 22 de xullo de 2020 que serán de aplicación nos traballos de limpeza dos centros educativos públicos do concello de Poio durante o curso escolar 2020-2021, namentres se manteña o contexto da COVID 19.

Coas obrigas decretadas pola Xunta de Galicia procedese a elaboración do seguinte protocolo:

PROTOCOLO DE LIMPEZA DOS CENTRO ESCOLARES PÚBLICOS DO CONCELLO DE POIO





1. OBXECTO

Este protocolo ten como obxectivo establecer o procedemento de limpeza e desinfección dos colexio públicos do municipio para previr o contaxio do COVID 19.

2. DESTINATARIOS

Persoal de limpeza e mantemento do Concello de Poio ou empresa que realice traballos nos centros educativos públicos do municipio.

3. MEDIDAS PREVENTIVAS PARA O PERSOAL

Realizarase a menor rotación posible do persoal organizando equipos estables para reducir os contactos.

3.1. Medidas xerais

- Manterase unha distancia interpersonal de polo menos 1,5 metros.
- É obrigatorio o uso da máscara en todo momento.

3.2. Comprobacións diarias

- Antes de acudir a un centro educativo, o persoal deberá realizar unha auto enquisa diaria de síntomas para comprobar, no caso de que haxa síntomas, que estes son compatibles cunha infección por SARSCoV-2 mediante a realización da enquisa clínico-epidemiolóxica que se describe no Anexo I do **“Protocolo de adaptación ao contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021”** aprobado pola Xunta de Galicia.
- Ante a aparición de sintomatoloxía compatible (a relacionada no anexo I) non acudirán ao centro educativo e chamarán ao seu centro de saúde de referencia e avisarán ao seu responsable xerárquico que dará aviso a algunha das persoas membros do equipo COVID do centro educativo.
Como criterio xeral, manterase en illamento preventivo domiciliario, poñéndose en contacto co seu centro de saúde ou de ser o caso cos facultativos da mutua. Serán estes facultativos os que valorarán a sintomatoloxía e prescribirán a realización dun test diagnóstico ou proba PCR en 24 horas, se así o consideran.
- No caso de que se detectase sintomatoloxía compatible durante a estancia no centro educativo, porase inmediatamente en contacto co equipo COVID do centro para que procedan ao seu illamento no lugar indicado. Posteriormente dará traslado da situación ao seu superior xerárquico.

3.3. Normas de prevención e protección

- Obedeceranse en todo momento as indicacións do equipo COVID do centro.





- O persoal usará máscara, obrigatoriamente, durante toda a estancia no centro e manterán a distancia social en todo momento
- Gardarase a distancia de seguridade de 1,5 metros co demais persoal e alumnado, tanto nos períodos de actividade como na entrada e saída do centro (salvo que pola natureza do traballo sexa preciso o achegamento entre o persoal).
- Evitarase tocar os ollos, o nariz e a boca.
- Hixiene de mans obrigatoria á entrada e á saída: lavado frecuente e meticuloso das mans con auga e xabón, durante polo menos 40 segundos, ou con solucións hidroalcohólicas, durante polo menos 20 segundos, no seu defecto. Cando as mans estean visiblemente sucias debe utilizarse auga e xabón.
- Medidas de hixiene respiratoria:
Ao tusir ou esbirrar, tapar a boca e o nariz cun pano de papel que se desbotará nunha papeleira con tapa, ou ben facelo contra a flexura do cóbado e sempre alonxándose do resto de persoas.
Realizar hixiene de mans frecuentemente, sobre todo despois de tocar secrecións respiratorias (esbirrar, tusir, uso de panos) e/ou obxectos con posibilidade de estar contaminados, así como antes e despois de comer ou usar os aseos.
- **O uso de luvas limitarase as tarefas de limpeza no momento de utilizar substancias abrasivas para a pel.**

4. MEDIDAS DE LIMPEZA

4.1. A limpeza xeral farase polo menos unha vez ao día e fora do horario lectivo para minimizar o contacto co alumnado.

A limpeza reforzarase naqueles espazos que o precisen en función da intensidade de uso.

A limpeza dos aseos farase 2 veces na xornada lectiva e 1 vez pola tarde, durante a limpeza xeral.

4.2. Terase especial atención nas zonas de uso común e nas superficies de contacto máis frecuentes como pomos das portas, mesas, mobles, pasamáns, chans, teléfonos, perchas, e outros elementos de similares características así como de billas, elementos das cisternas e outros dos aseos.

4.3. Durante a xornada lectiva unha persoa do servizo de limpeza realizará unha limpeza de superficies de uso frecuente e no caso dos aseos de polo menos 2 veces na xornada.

4.4. Empregaranse desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) recién preparada ou calquera dos desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade. No uso destes produtos sempre se respectarán as indicacións da etiquetaxe.

4.5. Logo de cada limpeza, os materiais desbotables empregados e os equipos de protección usados desbotaranse de xeito seguro, procedéndose posteriormente ao lavado de mans.

4.6. Deberá vixiarse a limpeza de papeleiras, (todas con bolsa interior e protexidas con tapa), de xeito que queden limpas e cos materiais recollidos, co fin de evitar calquera contacto accidental.





5. PROCEDIMENTOS DE LIMPEZA E DESINFECCIÓN

As tarefas de limpeza ordinarias realizaranse cos produtos habituais e seguindo os procedementos establecidos para estas tarefas. Para limpar o po das superficies deberase usar un trapo húmido.

Deberase reforzar a desinfección das superficies e obxectos que puideron ser manipuladas(pomos, manillas, interruptores, superficies, etc.) e especialmente dos aseos. Usarase unha dilución de lixivia (1:50) pulverizada e posteriormente pasarase un pano usado exclusivamente para este fin.

As dilucións de lixivia (1:50) estarán recén preparadas. No caso de non poder usar a dilución de lixivia(por algún tipo de incompatibilidade) empregarase calquera dos desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade.

No uso destes produtos sempre se respectarán as indicacións da etiquetaxe.

6. HORARIOS DE LIMPEZA

A limpeza xeral farase de 15:00 a 20:30 para non coincidir co alumnado.

Pola mañá farase a limpeza de aseos e de superficies de contacto frecuente nas zonas de uso común en horario de 09:00 a 14:30.

Establecese un horario específico para cada centro, que poderá ir variando en función das necesidades de cada centro.

CENTRO	Limpeza de Aseos	Limpeza de superficies frecuentes e aseos	Limpeza Xeral
E.E.I. do Vao	13:30	11:00	15:00 a 20:30
C.E.I.P. Viñas	12:00	10:00	15:00 a 20:30
C.E.I.P. Lourido	09:30	12:45	15:00 a 20:30
C.E.I.P. Isidora Riestra	13:30	11:00	15:00 a 20:30
C.E.I.P. Chancelas	09:30	12:00	15:00 a 20:30
C.E.I.P. Espedregada	12:45	10:00	15:00 a 20:30





7. XESTIÓN DE RESIDUOS

Todo material de hixiene persoal (máscaras, luvas de látex, etc.) e o material desbotable procedente da limpeza debe depositarse nunha bolsa pechada que se introducirá no colector da fracción resto.

No caso de que un alumno ou traballador/a presente síntomas mentres se atope no centro educativo, será preciso illar o contedor onde se depositen os panos ou outros produtos usados por eles. Esa bolsa de lixo deberá ser extraída e colocada nunha segunda bolsa de lixo, con peche, para o seu depósito na fracción resto.

Realizarase a debida limpeza do espazo no que se levou a cabo o illamento preventivo, logo de que o alumno/a ou a persoa traballadora que presentou síntomas durante a xornada lectiva teña abandonado o centro educativo.

Cada centro determinará os espazos para a xestión de residuos, que será de obrigado cumprimento.

Asinado na data que figura na sinatura dixital á marxe.





ANEXOS

ANEXO I. ENQUISA DE AUTOAVALIACIÓN CLÍNICA DO COVID-19 (Procedente do “**Protocolo de adaptación ao contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021**” da Xunta de Galicia.

Esta enquisa pretende ser útil para que a comunidade educativa poida identificar síntomas clínicos de sospeita de ter infección por coronavirus. De presentar calquera destes síntomas solicite consulta no seu centro de saúde.

Presentou nas últimas 2 semanas?		SI	NON
Síntomas respiratorios	Febre maior de 37,5°C		
	Tose seca		
	Dificultade respiratoria		
Outros síntomas	Fatiga severa (cansazo)		
	Dor muscular		
	Falta de olfacto		
	Falta de gusto		
	Diarrea		

Ten actualmente algún dos síntomas? Sinalar cales e cando comezaron.

		SI	NON
Tivo CONTACTO nas últimas 2 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?		
CONVIVIU nas últimas 2 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?		





ANEXO II. Cadro de control de limpeza e desinfección.



CADRO DE CONTROL DE LIMPEZA E DESINFECCIÓN

C.E.I.P. (NOME DO CENTRO)

SETEMBRO

Día	Frecuencia	Hora	Aseos	Superficies frecuentes	Limpeza Xeral	Nome e Sinatura
10	1ª					
	2ª					
	3ª					
11	1ª					
	2ª					
	3ª					
14	1ª					
	2ª					
	3ª					
15	1ª					
	2ª					
	3ª					
16	1ª					
	2ª					
	3ª					
17	1ª					
	2ª					
	3ª					
18	1ª					
	2ª					
	3ª					
21	1ª					
	2ª					
	3ª					
22	1ª					
	2ª					
	3ª					
23	1ª					
	2ª					
	3ª					
24	1ª					
	2ª					
	3ª					
25	1ª					
	2ª					
	3ª					
28	1ª					
	2ª					
	3ª					
29	1ª					
	2ª					
	3ª					
30	1ª					
	2ª					
	3ª					

